

**ANEXO 5: PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO.**

# PLAN DE CONTINXENCIA

\*O Plan de Continxencia do centro educativo CEIP EDUARDO PONDAL ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

**CEIP EDUARDO PONDAL  
CURSO 2021-2022**

## ÍNDICE:

- ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO.
- ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL.
- MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

## **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN GROMO.**

**Non asistirán ao centro** aqueles **estudantes, docentes e outros profesionais** que teñan **síntomas compatibles con Covid-19**, así como **aqueles** que se atopen **en illamento por diagnóstico de Covid-19**, ou en período de **corentena domiciliaria por ter contacto estreito** con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19.

Diante dunha persoa que desenvolva **síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo** seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha **máscara cirúrxica**, levaráselle á **sala de Covid** destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario **contactar coa persoa responsable** do manexo da **Covid-19** no centro educativo **e cos familiares** ou titores legais.
- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
  - Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
  - De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

**Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía** compatible coa **Covid 19**, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, **a persoa coordinadora do equipo** formado na **Covid-19**, a petición dos servizos de saúde **a través de EduCovid**, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos **contactos estreitos**, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

A **familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio**, deberá solicitar unha **consulta telefónica co seu pediatra** para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

Tras a aparición dun **caso diagnóstico da Covid-19 seguiranse as recomendacións da CSC** e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración **das medidas de corentena** o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

A **suspensión da actividade lectiva presencial suporá** a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 para o desenvolvemento de **ensino a distancia** en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia

## **ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da **aula virtual** de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos das áreas de xeito virtual a través dos contidos disponibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido das áreas ou a avaliación continua da mesma.

O equipo Covid do centro identificará ao **alumnado que teña dificultades de conexión e falla de equipamento** para **ceder equipos** reservados en caso de confinamento dos que co que foi dotado o centro no marco do **Plan de Redución da Fenda Dixital** (ordenadores portátiles + router de conexión sen fíos).

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) **Manter o contacto permanente co alumnado** e as súas familias a través de **AbalarMóbil, CiscoWebex e a Aula Virtual**, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- b) **Actualizar a aula virtual** dos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) **Realizar tarefas de desinfección** profundas no centro.
- d) **Revisar o protocolo** para buscar posibles erros e facer as melloras e modificacións que se estimen oportunas.
- e) **Coordinarse** todo o profesorado que imparta docencia no grupo confinado, co fin de organizar o ensino a distancia de todas as áreas.

### **Posibles escenarios:**

- **Confinamento dun grupo aula ou nivel.**

En caso de que un grupo aula deba confinarse por prevención por causa dalgún caso positivo no mesmo, o profesorado que traballe con dita aula deberá facer, sempre que non esté de baixa, o seguimento telemático do alumnado a través da **Aula Virtual**, de tal xeito que as “clases” podan seguir coa máxima normalidade posible. Podendo complementarse

esta, coa plataforma de videochamada **CiscoWebex** e a mensaxería **AbalarMóbil**. Sempre que sexa posible, evitarase a proposta de actividades que sexa preciso imprimir. Se fose preciso realizar algún exame, procurarse pospoñelo sempre que isto sexa posible. De non ser o caso poderá levarse a cabo de xeito telemático oral ou escrito.

En caso de que un nivel completo deba confinarse, procederase de xeito similar ao antedito. Se un mestre/a que incida no grupo/nivel estivese de baixa durante o tempo de confinamento e mentres non se provea dun substituto, o resto do profesorado do nivel asumirá equitativamente os alumnos/as do grupo afectado.

#### • Confinamento total

En caso de confinamento total (no centro, cidade, etc) a páxina web será a vía prioritaria de información ás familias no que respecta aos comunicados oficiais do centro ou as institucións. O profesorado deberá empregar a **Aula Virtual** do centro para artellar o desenvolvemento da actividade de ensino-aprendizaxe e seguimento do alumnado en dito proceso.

Empregarase **Abalar** e o correo corporativo como medios de comunicación coas familias. Compre lembrar que non se pode ceder, comunicar, nin hospedar datos relativos ao alumnado ou as familias en soportes alleos aos facilitados pola Xunta.

Recoméndase o emprego de **CISCOWEBEX** ou calesquera outro medio de comunicación que provea a Xunta para facer vídeo conferencias cos nosos alumnos/as. Compre lembrar que non se pode gravar aos rapaces/as sen permiso explícito por escrito do seu pai/nai ou titor/a.

### **MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL**

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial. **O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas** que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.